

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº75/ Ano: 2023 / 2º xornal Mes de outubro / Estado de Gran Mariscada

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Parece que as Subvencións do Parque Nacional convértense en Actividades importante para a súa divulgación. Páx. 1




Chegada da nova Cruz en honra do gardamariña falecido no Buraco do Inferno no ano 1963, que posteriormente foi instalada no sitio da outra.

Páx. 1

Foto: Parque Nacional I. Atlánticas

Membros da Asociación Pineiróns e guías de Nabia, visitaron a Illa de Tambo en febreiro de 2019. Páx. 2



ONS ARQUEOLÓXICA

Importante que Parques tomara en serio o tema da Arqueoloxía en Ons. Nestes intres, segundo o seu Director, están a preparar a sala de arqueoloxía-etnografía no Centro de Visitantes, consolidando o xacemento do Castro dos Mouros e realizando catas no posible Castro de Cova do Lobo. Páxs. 3 – 6.



ACTIVIDADES EN ONS. P. NACIONAL

Entre as diferentes programacións a realizar para visitas guiadas, poderían estar as arquitectónicas. Páx. 4



RUBÉN o neto de Rosiña, participou no programa da TVG. “Atrápame se podes”. Páx. 7

- Tomos Onstopus e Aunios. Páx. 1
- Praia con Bandeira Azul para Ons. Páx. 3
- Ons na Memoria: O fogueteiro. Páx. 3
- Antonio Folgada. Acordeonista. Páx. 7

FICBueu

Moi interesante o programa formativo de FicBueu “Residencia” na Illa de Ons. Unha biblioteca no C. de Visitantes podería axudar á procura dun guión sobre esta engaiolante Illa.

Páx. 5



REDACCIÓN ONSTOPUS



TOMOS ONSTOPUS E AUNIOS

Cando sacaba o nº 73, na súa páx. 6 informaba que viña de encadernar un novo tomo de Onstopus, correspondente ao ano abril 2022 – 2023. Ao pouco, recibín unha serie de chamadas e e-mails de lectores para que lles informara sobre onde os poderían mercar. Aínda que xa o explicara nalgún Onstopus anterior, dicirvos que o da encadernación é cousa miña.

Este minixornal dixital sae nun período de tempo que vai entre 15 días e un mes. Eu, cada vez que saco un, a carón de gardar o dixital nun arquivo, tamén o paso a papel. Dende logo non é barato, arredor de 2'50 a 3'50 cada exemplar segundo o número de páxinas, hai que ver que está en cor. Tendo en conta que cada ano saen sobre 18 – 20 exemplares, o custo estaría en máis de 50 € ao que hai que sumar a encadernación, polo que falaríamos dun custo de cada tomo de 70 €. O único que, ao ir facéndoo por números parece que o custo é menor que gastar 70 € de súpeto.

Ben, como sempre digo, cada un ten as súas lideiras e 3 € cada 15 días e o custo case dunha cervexa.

Tamén encaderno as revistas AUNIOS, xa van tres tomos, é un xeito de telas mellor arquivadas e aquí, ao seren gratuítas o gasto é só da encadernación.



Tamén comentar que na revista anterior, nº 74, falaba da importancia que tería que Parques “recomendara” aos que reciben subvencións da Rede de Parques, que as axudas recibidas se visen reflectidas en actividades nas propias illas do Parque, especialmente, en tempada baixa. Parece ser que algunha faise. Aquí un exemplo destas visitas gratuítas á Illa de Cortegada, así como tamén a que realiza o Club de Buceo Ons con PlasticNons e as Xornadas Formativas e Divulgativas na Illa de Cortegada do Arousa Colibrí.

Só cabe esperar que se siga o exemplo a todas as axudas recibidas.



CAMBIO DA CRUZ DO GARDAMARIÑA FALECIDO NO BURACO DO INFERNO NOS ANOS 60 S.XX

Cando escribo esta nova (09/10/2023), comunicábanme que chegara a Ons un barco da Armada, Escola Naval de Marín, co obxectivo de cambiar a cruz que recorda a un gardamariña que faleceu nas proximidades do Buraco do Inferno nos anos 60 do pasado século XX.

En realidade atopábase en moi mal estado, pero no ano 2013, que se cumprían 50 anos dese triste suceso, a Armada reparouna e fixéronlle unha emotiva homenaxe.

Segundo parece agora van a cambiala. Intentarei informarme.



Na foto do Faro de Vigo de 5/12/2013. Vemos a homenaxe que se lle rendeu ao gardamariña Jose Herrero Paadín que faleceu nese lugar o 18 de outubro de 1963.



Foto da esquerda: a cruz restaurada no 2013 para a homenaxe.
Foto da dereita: a Placa conmemorativa.

Viaxe a Tambo. Pineiróns



Fotos: de arriba – abaixo

- Grupo de Pineiróns – Guías Nabia á súa chegada a Tambo.
- Primeira explicación de Lucas sobre a normativa da Illa.
- Exposición sobre o Lazareto.
- Explicación e narración de lendas sobre a Fonte de San Miguel. (A viaxe realizouse no mes de febreiro de 2019).

Di o refrán que: “É de bo nacido ser agradecido” e así o quero reflectir con esta pequena exposición sobre a primeira viaxe a Tambo de Pineiróns.

Corría o mes de xaneiro de 2019 e permitían as viaxes a Tambo sempre e cando foran organizadas por algunha asociación ou agrupación.

Puxémonos en contacto co concello de Poio e todo foron facilidades e cumprida información. Comunicáronnos que non habería problema en facer a visita sempre e cando se cumprira a normativa e se levaran a cabo os requisitos administrativos.

Polo concello tramitaban a solicitude e pasaban a comunicación á Escola Naval para o seu visto e prace. Nós tiñamos que poñer o transporte e un guía, se o necesitabamos, xa que só iamos a ser acompañados de dous militares pendentes de que a visita fose a acordada e que nos levarían ata os lugares máis interesantes, pero sen dar explicación ningunha.

Coas ideas claras sobre os trámites, puxémonos en contacto coa navieira **NABIA**, ao ser a que fai o transporte a Ons dende Bueu e ten un barco, tipo iate, ideal para 20 pasaxeiros; nós non iamos a ser máis. Puxéronos un prezo asumible se iamos os 20. Pola nosa parte, informamos aos socios e comezamos a inscrición. Ao final e por diferentes razóns, só conseguimos que se anotaran 8, polo que a viaxe facíase inasumible e decidimos deixalo para a primavera.

Por email avisamos á navieira e, como era fin de semana, esperamos ao luns para avisar ao concello.

A nosa sorpresa foi cando o sábado recibimos unha chamada da xerente de **Nabia** informándonos que, se queriamos, se anotaban os seus guías ata completar o total e ademais a viaxe nos saíría gratis, pois era interesante para a navieira que os seus guías coñeceran outra illa, que aínda non estando dentro do Parque Nacional, ás veces preguntábanlles sobre ela e así terían unha maior información.

Seguimos o procedemento administrativo e fixemos a viaxe con socios de Pineiróns e guías de Nabia.

O único problema era que non tiñamos monitor, e aí vén a segunda sorpresa. Un dos guías, que nunca estivera en Tambo nin coñecía a súa historia, tomou a responsabilidade de preparar a visita, informándose adecuadamente, investigando e tomando notas sobre a illa, incluído o libro “Recordando a Thalavo” de Lino Pazos, e tomou o compromiso de facer de orientador.

Teño que recoñecer a súa profesionalidade, pois para o pouco tempo que tivo para informarse, tocou todos os temas relacionados coas características da illa dun xeito impecable, coido que se estiveran alí Claudio Quintillán e Lino Pazos, os mellores investigadores sobre Tambo, daríanlle unha cualificación mínima de notable alto.

Polo explicado só nos queda agradecer á xerente de **Nabia** a súa disposición para que puideramos visitar Tambo e o fixeramos de xeito gratuíto. A Lucas a súa profesionalidade para preparar a visita.

Todo perfecto. Sen ánimo de adular nin buscar favoritismo cara a esta navieira, só agradecerlles o seu impecable traballo.



ONS NA MEMORIA

Aquí temos a Manoliño, no ano 2006, de fogueteiro maior da Illa, alá cando en Ons podíase anunciar as Festas de San Xaquín cunha pequena tirada de fogos.

El facíao dun xeito maxistral e sempre dende a punta do peirao, co tino de facer o menor dano posible no caso de que algún foguete non lle fóra polo rego indicado.

ONS ARQUEOLÓXICA (I) (06/10/2023)

O tema da Arqueoloxía en Ons vimos tratándoa, particularmente e dende Pineiróns, dende hai máis de 40 anos. No 2008 sacamos á luz o primeiro Petróglifo da Illa e no 2009 Paula Ballesteros dá a coñecer a salga romana que estaba agochada na praia de Canexol.

Aínda así, dende a administración sempre houbo reparos para traballar e levar nos seus presupostos o tema histórico, etnográfico e arqueolóxico, ata que, Adolfo Fernández por medio da Universidade de Vigo pide permiso para realizar escavacións en Ons xa que se atopaba realizando un traballo sobre o mundo romano polas costa galegas.

Foi grazas aos descubrimentos deste arqueólogo, que Parques se puxo as pilas sobre este tema e os resultados, tanto na salga como no Castro de Canexol foron espectaculares.

Aínda queda moito por facer. Dende a Dirección do Parque hai moitas promesas ao respecto, entre as que está, o facilitar a este mesmo arqueólogo, que demostrou unha grande profesionalidade, investigar se na zona norte da Illa, no lugar denominado como Cova do Lobo, hai tamén un castro. Parabéns se se fai e quedamos tamén á espera.

Fotos: Últimos traballos de consolidación do Castro dos Mouros (2023). Parque Nacional.

ONS SIN BANDEIRA, NI CENTRO, NIN SENDEIRO AZUL

Levamos uns cantos anos solicitando desde estas páxinas que o concello de Bueu faga algo pola Illa de Ons. As desculpas sempre son as mesmas, NON TEMOS COMPETENCIAS, pero, sen embargo, no caso das Bandeiras, Sendeiros ou Centros azuis si as teñen, ten que ser o concello quen as solicite para algunha zona do seu municipio.

Non entendemos o por que non para Ons, por que esa marxinación? Cando, por exemplo, a praia de Area dos Cans reúne todas as condicións ao respecto.

O custo sería mínimo, xa que hai fórmulas para sufragar os gastos que nun primeiro ano pode ocasionar, logo o material xa se ten. Ademais hai axudas e subvencións, en especial para socorristas, sen esquecermos que algún organismo que realiza actividades en Ons (Dirección Xeral de Xuventude) tamén podería axudar xa que unha das principais actividades que realizan os rapaces dos Campamentos é o piragüismo e o paddle surf na praia de Area dos Cans. Pregunto, teñen un socorrista preparado por se ocorre algún problema na práctica destas actividades? Aínda que están os monitores, sempre non está de máis ter un socorrista, que a carón de vixiar a praia cunha alta concentración de bañistas no verán, tamén podería atender a eses rapaces.

Xa, de non querer unha praia con Bandeira Azul en Ons, si podería ser o Centro de Visitantes e a creación dalgún Sendeiro, as fórmulas para solicitálas son doadas, só hai que poñer un pouco de interese.

A finais deste ano, decembro, os concellos teñen que solicitálas. A nova Corporación de Bueu, coa axuda da Oposición, terá a ben solicitálas para a Illa de Ons? Quedamos á espera.



Rapaces do Campamento da Xunta, practicando paddle surf na praia de Area dos Cans.



ONS ACTIVA, DENTRO DO PARQUE NACIONAL (II)

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES PARA TODO O ANO

Crear un Parque Nacional e non lograr actividades en e sobre el, só hai que valoralo como un fracaso enorme dos seus xestores. As illas que pertencen ao único Parque Nacional galego, ofrecen unhas fabulosas posibilidades para traballar sobre elas, en especial, para conseguir que a visita a este Parque sexa o máis produtiva posible e, sempre dende o respecto ao ecosistema, lograr un vínculo entre a illa e o visitante.

Como dicíamos no anterior Onstopus, despois de avaliar as actividades realizadas durante o ano, queda esmiuzalas para examinalas minuciosamente e comprobar cales foron os resultados positivos e negativos, co fin de melloralos con vistas ao próximo ano. Á vez tamén, a experiencia nos irá dando novas ideas a levar a cabo que haberá que meditar, esbozar e programar.

Son moi importantes os cursos que Parques realiza para formar novos Guías pois, tanto o propio Parque como as empresas que traballan con destino Parque Nacional, necesítanos. Pero, tamén os Guías Oficiais necesitan unha reciclaxe anual, porque, cada ano no Parque, vanse descubrindo cousas novas e hai que poñerse ao día para realizar ben o seu traballo. Á vez de, demostrando a súa profesionalidade, intentar dende dentro crear actividades novas que traian cara ao Parque un **Turismo Activo**, afastado do típico de sol, praia e gastronomía, aínda que poden perfectamente convivir na súa xusta medida.

Sigo pensando que o Parque, a partires do peche da tempada de verán, ten que poñerse a traballar con vista ao outono-inverno e, como xa teño dito moitas veces, ter no mes de maio, unha programación feita de actividades de cara aos meses de verán, para presentala e darlle publicidade entre finais de maio e principios de xuño, co obxectivo que as persoas que queren visitar e coñecer as illas do Parque, busquen nel e programen de antemán a súa visita, precisamente, para coñecer todas as súas características históricas, etnográficas, naturais,...., arquitectónicas,...., e, como non, ter un tempo para darse un baño e saborear a típica gastronomía, nas illas que o poden facer.

Cada vez máis as familias queren programar ben as súas saídas de inverno e as súas viaxes vacacionais. Os Parques Nacionais son un magnífico reclamo, pero para lograr que a masificación non sexa destrutiva, hai que crear normativas eficaces, desenvólvelas con diálogo e poñer de antemán un Programa de Actividades a disposición do turismo, pero ollo, un **Programa Activo**, onde conten con guías especializados e actividades que animen a desenvólvelas.

Para este outono-inverno, propono que se estuden as posibilidades que ofrecen estas actividades: Micolóxicas, Arqueolóxicas, Toponímicas, Fauna, Flora, Arquitectura,...., todas doadas de realizar se se programan adecuadamente, contando con persoas especialistas que, xunto aos guías, que aprenderán tamén moito da visita, farán un día inesquecible e moi aprofitable en calquera das illas do Parque.

En próximos Onstopus irei traballando cada unha destas especialidades para a Illa de Ons.



FICBueu – GUIONISTAS – CENTRO DE VISITANTES – PELÍCULA SOBRE ONS

O mesmo día e case á mesma hora, chegaron a Ons os membros da Armada a poñer a nova cruz no Buraco do Inferno en memoria do gardamaríña falecido nas súas proximidades no ano 1963, e os primeiros catro guionistas que foron seleccionados para a Residencia FICBueu na illa, onde estarán ata o domingo día 15 de outubro.

Segundo podemos ler, cada un dos guionistas seleccionados, mandou unha proposta e alí terán un programa formativo sobre ela, dirixidos por Isabel Peña (Premios Goya e Feroz 2019 pola película “El Reino”. E Premio Goya 2023, pola película “As Bestas”).

Interesantísimo que, por fin, vexan en Ons unha illa, dentro dun Parque Nacional, ideal para desenvolver **Actividades Culturais** de toda índole, como este de Proxectos Audiovisuais, non só medio ambientais, senón relacionadas coa cultura en xeral, entre as que está a **Música**, que trataremos noutro Onstopus.

Outro tema interesante, moi relacionado con este evento de FICBueu, que o levo tratando neste minixornal dende que na Illa se filmou a película <Ons>, é que o **Centro de Visitantes** teña un espazo dedicado a formación e exposición, e unha Biblioteca con material sobre esta illa e o Parque en xeral.

Este pasado verán fixéronse uns cambios no **Centro**, trasladando a tapadeira da Laxe do Crego para outra sala, espazo que supoñemos dedicarán a Historia, Arqueoloxía e Etnografía de Ons, tendo así máis cabida na sala de Exposicións para a realización de Actividades.

Aínda que ao entrar no Centro atopamos unha serie de libros, folletos e revistas, coído que este recinto debería ter unha Biblioteca, ben preparada, para que investigadores, persoas que participan en xornadas, convivencias (Como esta de FicBueu), visitantes que pasan días na illa, campistas, campamentos, campos de voluntariado,..., e persoas en xeral, teñan un espazo onde poder informarse, ler, ver novidades,..., investigar,..., e un longo etc, contribuíndo así a dar un atractivo máis, loxicamente informando da súa existencia, a un **Parque Activo**.

Neste caso concreto da presenza no Centro destes guionistas, poderían ter acceso nesa biblioteca a libros tan interesantes, para a realización dalgún guión con Ons como protagonista, como os de: “O Faro de Corazóns” de Manuel Felpeto. “Ons” de Carlos Meixide. “As illas dos deuses” de Serafín Parcerro. “Os fillos do mar” de Pedro Feijoo. ...E ata sobre a vida de persoeiros relacionados con Ons como a figura do Sr. Riobó co libro “A bordo das Ons” de Marta Lemos e “Ons, a illa que navega no tempo” de Arturo S. Cidrás. ... Entre outros.

Levo, dende estas páxinas de Onstopus, ofrecendo estes libros a Directores tan sobresaíntes como Zarauza, pero quizais falte un/unha guionista que sexa quen de adaptar estes magníficos libros a un curto ou película sobre Ons. Quizais algún día....



A Residencia FICBUEU é un programa formativo dedicado ao tratamento integral de curtametraxes na súa etapa de desenvolvemento, no que diferentes profesionais de prestixio acompañarán e titorizarán persoalmente cada proxecto. A residencia, que se desenvolverá na Illa de Ons, terá como principal obxectivo o de impulsar proxectos innovadores que destaquen por mostrar unha visión autoral xenuína, centrándose no traballo de guión e a concepción inicial dos proxectos dende o punto de vista da dirección. A través de diferentes encontros e formacións específicas, a residencia adopta un carácter multidisciplinar que fomenta a aprendizaxe transversal e posibilita novas vías de acceso á produción.



Texto: FICBueu. **Fotos:** FicBueu - Estudio Prolight. Eva Patoriza e Rodri Molestia.

Arriba esquerda: Foto grupo. **Arriba dereita:** Centro de Visitantes, sala audiovisual. **Abaixo dereita:** Isabel Peña.

ONS ARQUEOLÓXICA (II)

Escrito o 13/10/2023

A arqueoloxía en Ons xa foi tocada en varios números de Onstopus, destacando como principais estes que se poden buscar no enlace <Índice> de Onstopus: <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/indice.htm> (Números: 28, 39 e 40 de 2021 / e / 50, 58 de 2022)

Aínda que na páxina nº 3, deste número, que escribía o 6/10/2023, comentaba as noticias sobre posibles novas escavacións no norte da Illa e que estabamos á espera de acontecementos. Estes adiantáronse, e a principios da semana do 9 ao 15, chegaron a Ons os arqueólogos dispostos a traballar no que se coñece como Castro de Cova do Lobo ao nordeste da Illa.

Anteriormente xa prepararan o terreo as máquinas de Parques, supoñemos por indicación dos investigadores para facilitar o terreo de busca, xa que, este Castro, se existe, non está tan definido como o de Canexol.



Primeiras sondaxes ou catas no posible Castro de Cova do Lobo. Fonte: Parque Nacional Illas Atlánticas.

Curioso foi o titular que, sobre a noticia do comezo destas novas tomas de contacto con este posible Castro, fixo Marcos Gago na Voz de Galicia: “Buscan en Ons un Castro fantasma”

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/pontevedra/pontevedra/2023/10/12/buscan-ons-castro-fantasma-sabe-1934/0003_202310P12C5991.htm


Pois si, algo de razón ten, pois, ao igual que o de Canexol estaba moi definido e se atoparan restos, neste só hai testemuñas que indican que alí atopáronse tamén restos, pero non está ben preciso o lugar.

As primeiras referencias oficiais témolas no “Catálogo de achados arqueolóxicos da Illa de Ons” do Museo de Pontevedra:

<Castro de Cova do Lobo: Ten tradición de vivendas. Atopáronse tamén moedas romanas grandes e medianas de bronce imperiais.>.

Pero hai que ter moito tino á hora de saber, falar e escribir de xeito fidedigno do lugar exacto onde apareceron estes restos e as teorías que despois danse sobre eles, pois, neste mesmo Catálogo, falan de posibles mámoas e dunha explotación prehistórica e moderna de estaño, da que posteriormente ningún especialista falou, nin deron con elas.

Si, hai que dicir, como pasou en moitas outras características desta Illa, que deron como “verdades” teorías pouco traballadas e menos investigadas sobre a Historia e Arqueoloxía de Ons: “Alguén solta a lebre e todos van detrás dela”. Pero tamén é certo, e de aí naceu a Asociación PineirÓns, que ninguén investigara sobre Ons dun xeito exhaustivo, como agora estase a facer.



Esta fotografía era publicada en internet por:

Más que Petroglifos: mayo 2013

masquetetroglifos.blogspot.com/2013_05_01_archive.html
miércoles, 15 de mayo de 2013 ... 2.3.1. - Las islas Cíes y el mito de Casitérides, 2.3.2. - Isla de Ons 2.3.3. - Otras evidencias en las Rías Bajas Capítulo 11 2.4.

Eu, na revista AUNIOS nº 27.2022. Páx. 11. “...Baterías de costa na Cova do Lobo”. Comentaba: *Quizais esta reconstrución que fixeron do que deron en chamar Castro de Cova do Lobo, cos seus muros, sexan os restos da construción feita nos anos 40 como posto de vixilancia. Habería que pescudar máis profundamente.*

Cando isto escribo (17/10/2023), xa regresaron os arqueólogos de Ons sen nada positivo polo de agora. Haberá que seguir buscando. E mirar de localizar tamén o lugar onde estivo esa Batería de Costa.



UN AUNIENSE NO PROGRAMA DA TVG “ATRÁPAME SE PODES”

O pasado mércores día 11 de outubro, no programa 585 de <Atrápame se podes> da TVG, que presenta Paco Lodeiro, que é un concurso de preguntas e respostas, participou **Rubén** que, aínda que vive en Cangas, considérase da Illa de Ons, de onde era o seu pai e onde vive, todo o ano, a súa avoa Rosiña.

A súa avoa, Rosiña, é filla do Sr. Domingos, coñecido cariñosamente, como Cachote, que era carpinteiro de ribeira e construía e reparaba todas as dornas de Ons. A súa muller, Rosa, era unha das parteiras que había na Illa noutros tempos, cando as aunienses daban a luz na casa. De Cachote, o sueco Stafant Mörling que veu á Illa a estudar as dornas, aprendeu todo o referente á Dorna de Ons.

Rubén, tivo un bo pé no programa, chegando á final xunto a outra concursante de nome Bea. Un pequeno fallo no último chanzo fixo que non gañara o programa. De todos os xeitos, Parabéns para Rubén.

Fotos: Capturas de pantalla da TVG.



ANTONIO FOLGADA, ACORDEONISTA DOS FIRRÁS

Antonio é o conserxe do CEIP “Rosalía de Castro” de O Grove, onde eu traballei durante 28 anos ata a miña xubilación. A carón de ser un enorme profesional disposto a botar unha man a todo o que se necesite no colexio, pois é un gran carpinteiro e moi mañoso, tamén dálle á música, sendo un dos mellores acordeonista de O Grove e membro do grupo “Os FIRRAS”, tamén de O Grove, e mundialmente coñecidos.

Agás que por causas maiores non puidera estar, de xeito desinteresado e por amor á música e, por conseguinte, á Cultura, amenizou as últimas presentacións da revista cultural AUNIOS, da Asociación cultural “PineirÓns” en O Grove.

Aquí o temos, na fotografía da esquerda, deleitando, desinteresadamente, a todos os comensais da Festa do Marisco que se atopaban na carpa o venres día 13 no horario nocturno e na da dereitas nunha das presentacións de Aunios na sala das Cunchas do concello de O Grove. Todo un artista ao que lle estamos moi agradecidos.

